

MEMORIA RELATIVA AO OBRADOIRO DE INICIACIÓN A ESCRITA IMPARTIDO NO C.P.I. TOMÁS DE LEMOS DE RIBADAVIA

O tempo de duración do obradoiro foi de 10 horas, durante os días: 8, 15, 22, 25 e 29 de maio de 2007. Os días 8, 15, 22 e 29 en horario de 16,00 a 18,00 horas. O día 25 entre as 13,00 e 15,00 horas.

O obxectivo do obradoiro era achegar aos alumnos ao exercicio de escribir.

O número de alumnos foi de 18, en idades comprendidas entre os 12 e os 14 anos. A asistencia foi completa durante todos os días que durou o taller, agás algunha baixa por enfermidade. O grupo estaba composto por 7 rapazas e 11 rapaces, cun nivel de lectura alto. Tamén foi alto o nivel de participación e de implicación na experiencia.

Día 8.- Logo da presentación e de explicar os obxectivos do obradoiro, convido aos alumnos a que me escriban un SMS de presentación. Aceptan todos. Destacar que unha alumna chamada Yahesmira procede de Guadalajara e a súa iniciación ao galego prodúcese neste curso e no centro, xa que non é a lingua que fala na casa. Advírtese tamén que Daniel escribe en castelán esta primeira práctica.

A continuación, logo de falar da necesidade que todos ternos de contar e de falar da diferenza que existe entre realidade e verdade, suxírolles un novo exercicio a partir dunha fotografía que eu lles dou, para que eles interpreten por escrito o que lles suxire. Como material de traballo, este primeiro día, empregamos dezaioito fotografías de prensa, textos de *As mil e unha noites*, *Si o vello Sinbad volvese ás lilas* de Álvaro Cunqueiro e o libro de fotografías de Maribel Longueira *Alguén agarda que volva alí*, do que, por decisión da autora, agasallo a cada alumno cun exemplar, ofrecéndoo como exemplo de cómo os escritores observan e interpretan as imaxes transcendéndoas.

Día 15.- Comentamos os textos do día anterior.

Logo pídolles que me axuden a buscar un final para unha presunta historia que estou a escribir. Coméntolles o argumento e a situación sen salda na que me atopo e pídolles que me axuden escribindo cada un deles un final posible. Este exercicio ten un notable éxito, xa que son moitos os que piden levar o traballo para a casa e así poder continuar con máis calma e reflexión. O resultado é 17 finais para a historia Un amigo invisible, xa que aínda faltando dous alumnos por enfermidade, David anímase e escribe dous textos.

Explicolles logo os conceptos de tradición oral e de memoria histórica e pídolles que busquen no seu entorno unha lenda, un conto ou unha historia recente de Ribadavia, sobre a que escribirán ao día seguinte.

Como material de traballo, empregamos os textos: *Leudas galegas de tradición oral* de X.M. González Reboredo e o meu libro *Lendas de onte sollos de maná*.

Día 22.- Lago de lles agradecer o esforzo realizado co final de Un amigo invisible, iniciamos a práctica relacionada coas lendas e a memoria. Aínda que este exercicio ofrece un resultado irregular, compre salientar o debate que se xenera entre eles. Uxía sabe unha historia escoitada ao seu avó, pero que non quere contar. Finalmente acepta escribila, sendo este o momento máis importante, dende o meu punto de vista, da experiencia do obradoiro, xa que Uxía vence o temor a contar, escribe unha historia dunha dimensión extraordinaria e, finalmente, aceptará lela aos demais. Seguindo o exemplo de Uxía, Melisa que escribira dous contos relacionados co río, pide poder escribir outra historia relacionada coa represión durante os días que seguiron ao golpe militar de xullo de 1936. Respondendo ao seu impulso de escritor, David aporta dúas historias.

Como material de traballo, lemos textos do libro *Volverlles a palabra —homenaxe aos represaliados do franquismo*.

Día 25.- Falamos de novo de cómo o escritor debe interiorizar a historia que quere contar, co obxecto de que esta sexa súa e que nela se manifeste o que el sente, a súa verdade, que será diferente e única.

Doulles fotocopia do fragmento das *Metamorfoses* de Ovidio referido a Ícaro e

do poema do mesmo título de J. A. Valente. Cóntolles eu a historia do Minotauro, de Pasifae e Minos, de Dédalo, Teseo e Ariadna e pídolles que, vistos os tres enfoques diferentes que agora teñen sobre a mesma historia, cada un escriba como sente a Ícaro.

O resultado é moi positivo, con textos moi interesantes dende o punto de vista literario. Salientar que algúns optan polo verso como mellor xeito de se expresar. Amais dos textos xa relacionados, empregamos tamén como material de traballo a *Mitoloxia clásica* de Antonio Ruíz de Elvira.

Día 29.- Cambiamos aula por biblioteca para utilizar medios audiovisuais.

A proposta é definir un personaxe, pero antes facemos unha práctica comparativa entre dous textos do libro *O señor dos aneis* de J.R. Tolkien e as correspondentes imaxes da terceira parte da película, que leva por título *O retorno do rei*. Trátase de ver como responden os personaxes a diferentes situacións e como o obxectivo a conseguir, ás veces, non se corresponde coa condición heróica do personaxe (o exemplo sería Frodo, un ser pequeno, obrigado a unha misión titánica). Aproveitamos tamén para observar como cine e literatura pretenden contar o mesmo con recursos ás veces complementarios, pero sempre diferentes. Son eles os que afirman, finalmente, que produce máis emoción e provoca máis a imaxinación o texto lido que as imaxes.

Falamos dos personaxes dunha historia e da clasificación que deles propón Vladimir Propp, a partires da función que cada un desenvolve no relato.

O exercicio de describir un personaxe é aceptado por todos. Postos a avahar o resultado e visto o tipo de personaxes descritos, habería que considerar a idade media do grupo, pero o máis interesante é a imaxinación que atesouran e que expresan, e o feito de que algunha, coma Yahesmira, decida ser ela mesma o personaxe.

Para esta práctica empregamos o libro e a película xa antes indicados.